

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CAMBRE

*Aprobación definitiva da modificación do artigo 6 da Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento*

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2016, aprobou, con carácter inicial, a modificación do artigo 6 da Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento.

Exposta ao público durante trinta días, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no art. 49 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, enténdese definitivamente aprobada a citada modificación.

A teor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase integramente a modificación do citado texto normativo, que entrará en vigor ao día seguinte ao da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Modificación do artigo 6 da Ordenanza reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, e das condicións do seu desenvolvemento, no que se inclúe unha nova alínea, quedando o artigo redactado tal e como se transcribe a continuación:

“Artigo 6.- Terán preferencia para participar nas actividades as persoas empadroadas no Concello de Cambre e, seguidamente, aquelas non empadroadas que traballen no termo municipal e por último os non empadroados no Concello de Cambre. En casos puntuais, terá preferencia a persoa que trala valoración e/ou informe técnico correspondente, debidamente xustificado, necesite con base en criterios sociais ou doutra índole participar nunha determinada actividade.

En determinadas actividades, segundo se marque na convocatoria correspondente, priorizarase a selección de persoas que non participaron nesa actividade en edicións anteriores.

A selección dos participantes nas actividades de conciliación da vida laboral e familiar, por estar vinculadas a subvencións ou axudas doutras administracións nas que se fixe o criterio de selección dos participantes ou por favorecer a determinados grupos de poboación (traballadores e traballadoras), establecerase segundo se marque na súa convocatoria.”

Cambre, 9 de xuño de 2016

O alcalde

Óscar A. García Patiño

2016/4895